

# CONCELLO DE OURENSE III PLAN PARA A PROMOCIÓN DA EQUIDADE DE XÉNERO

2017 - 2020



**Coordinación e dirección:** María Elena De Jesús Rodríguez  
(Directora do CIMM do Concello de Ourense).

**Asistencia técnica:** Sánchez-Albornoz, Consultoría

**Revisión de textos:** Gabinete de Normalización Lingüística Concello  
de Ourense.

**Agradecementos:** A toda a cidadanía, asociacións e persoal do  
CIMM e do Concello que participaron na fase de diagnose deste III  
Plan.

Concello de Ourense, 2017.



<b>PRESENTACIÓN .....</b>	<b>4</b>
<b>1. METODOLOXÍA .....</b>	<b>6</b>
<b>1.1. Conclusións da Avaliación do II Plan e retos e áreas a pontenciar .....</b>	<b>7</b>
<b>1.2. Metodoxía de elaboración do III Plan .....</b>	<b>9</b>
<b>2. MARCO NORMATIVO DO III PLAN PARA A PROMOCIÓN DA EQUIDADE DE XÉNERO .....</b>	<b>14</b>
<b>3. ÁREAS DE ACTUACIÓN DO III PLAN, OBXECTIVOS, MEDIDAS COMPROMETIDAS, INDICADORES E CONCELLERÍAS RESPONSABLES .....</b>	<b>18</b>
ÁREA 1. CORRESPONSABILIDADE DA ADMINISTRACIÓN NA PROMOCIÓN DA IGUALDADE .....	19
ÁREA 2. PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO ASOCIACIONISMO E NA PARTICIPACIÓN CIDADÁ .....	22
ÁREA 3. PROMOCIÓN DAS DIVERSIDADES DE XÉNERO .....	24
ÁREA 4. PROMOCIÓN DO BENESTAR SOCIAL EN IGUALDADE .....	27
ÁREA 5. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DESDE A CULTURA, AS ARTES E AS BIBLIOTECAS .....	29
ÁREA 6. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DESDE O TURISMO .....	32
ÁREA 7. PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO DEPORTE .....	34
ÁREA 8. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DESDE A EDUCACIÓN .....	36
ÁREA 9. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES NO EMPREGO .....	39
ÁREA 10. PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO USO DO ESPAZO PÚBLICO, NO PLANEAMENTO URBANÍSTICO, NA MOBILIDADE E NO MEDIOAMBIENTE .....	42
ÁREA 11. PROMOCIÓN DUNHA LINGUAXE E IMAXES NON SEXISTAS .....	45
ÁREA 12. PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS DE XÉNERO .....	47
ÁREA 13. PROMOCIÓN DA IGUALDADE NA SAÚDE .....	51
<b>4. SEGUIMIENTO ANUAL E AVALIACIÓN FINAL .....</b>	<b>54</b>

## PRESENTACIÓN

Nas derradeiras décadas, na nosa contorna máis inmediata tense avanzado moito en materia de igualdade, mais todas e todos somos conscientes de que aínda queda moito máis por facer para poder dicir abertamente que vivimos nunha sociedade realmente igualitaria en termos de xénero.

Por iso, este novo instrumento co que se dota o Concello de Ourense busca dar continuidade ao traballo de promoción da equidade de xénero a nivel local, pois o Concello, como entidade pública que é, ten a obriga e a responsabilidade de impulsar políticas públicas que favorezan a equidade entre mulleres e homes removendo os obstáculos que a impiden.

Así mesmo, este III Plan é en certa medida unha continuidade do anterior, ao mesmo tempo que incorpora novos elementos detectados ao longo da avaliación do II Plan e da diagnose do presente, xa que o logro da equidade de xénero debe entenderse como un traballo estable e continuo ao longo dos anos e non como un obxectivo de curto alcance.

Igualmente, neste novo instrumento vólvense a acordar medidas a nivel interno, é dicir que afectan máis á propia organización e funcionamento da entidade local -a súa propia cultura organizacional-, e medidas dirixidas directamente a algúns sectores ou públicos concretos (medidas de carácter máis externo pero impulsadas desde diferentes áreas municipais).

O III Plan, ao igual que o anterior, non se ten organizado en función das Concellerías existentes, dado que as competencias de cada unha delas poden variar ao longo dos anos, senón en función de ámbitos de actuación, das áreas nas que hai que traballar por seren claves para o avance cara a unha sociedade máis equitativa, e porque se entende que a promoción da igualdade é algo transversal a toda a organización municipal e, polo tanto, a responsabilidade é conxunta e compartida.

O reto que se presenta por diante é seguir a manter firme o compromiso co avance da igualdade nunha sociedade aparentemente igualitaria e que a forte visibilidade que teñen acadado as violencias de xénero nos derradeiros anos, non solape o resto das desigualdades, que son a base estrutural da que se alimenta precisamente a violencia de xénero, entendendo así a interdependencia dos factores de desigualdade e a

importancia de traballar a interseccionalidade como estratexia fundamental para o cambio social cara a sociedades máis equitativas en termos de xénero.

Para iso, no instrumento que agora se presenta téñense identificado 135 medidas diferentes. Con todo, ao final do período de vixencia do III Plan agárdase ter realizado máis das 135 medidas porque algunhas delas se repetirán todos os anos, mentres que tamén outras novas, non contidas neste instrumento, poden ser impulsadas por diferentes áreas municipais.

O período de vixencia técnica do III Plan é desde o ano 2017 até finais de 2020, podendo prorrogarse ata a aprobación do seguinte instrumento.

## METODOLOXÍA

- 1.1. Conclusións da Avaliación do II Plan e retos e áreas a potenciar**
- 1.2. Metodoloxía de elaboración do III Plan**

## Conclusións da Avaliación do II Plan e retos e áreas a pontenciar

- O anterior II Plan tivo, a nivel meramente cuantitativo, un resultado que podería interpretarse coma positivo (en torno ao 85%), pero repartido desigualmente. Con todo, algunhas das medidas foron moi puntuais e non forman parte de programas permanentes ou continuados de promoción da igualdade dun xeito transversal.
- Só algunhas Concellerías contan con programas permanentes e teñen realizado moitas medidas (principalmente Igualdade, pero tamén Saúde, Benestar Social, e Educación). Pola contra, outras concellerías teñen realizado moi poucas medidas.
- Derivado do anterior, neste novo III Plan os esforzos deberán centrarse naquelas áreas onde se levaron a cabo menos medidas ou quedaron algunhas pendentas de realización, sinaladamente en Administración, Deportes, Urbanismo, Turismo e no relativo ao avance e o emprego. E en xeral para todo o Concello, deberán centrarse tamén os esforzos no avance no uso de indicadores desagregados por sexo e dunha linguaxe non sexista e inclusiva acorde coa lexislación vixente e coa propia *Ordenanza Municipal de Promoción da Equidade de Xénero* (BOP núm. 46, do 25 de febreiro de 2013).
- Dado que no anterior II Plan un importante número das actividades de promoción da igualdade realizadas polas diferentes concellerías se fixeron en torno aos meses de marzo e novembro (a excepción da Concellería de Igualdade que o fai loxicamente durante todo o ano), conviría neste novo instrumento fomentar a realización de programas e actividades estables de carácter permanente.
- A maiores da Concellería de Igualdade, só as áreas de Saúde, Educación, Benestar Social e Emprego levaron a cabo programas estables nos que se inclúen actividades de promoción da igualdade entre mulleres e homes, sendo por outra parte as que máis programas e actividades realizaron neste ámbito.
- En xeral, no conxunto do Concello -coa excepción da Concellería de Igualdade- semella que, máis que un compromiso transversal coa igualdade, o que se fixo en determinadas áreas foi realizar actuacións puntuais, como aconteceu nas áreas de Deportes, Participación, Urbanismo, Mobilidade ou Medioambiente, polo que no novo Plan debería facerse unha aposta nestas áreas por levar a cabo unha programación de carácter estable e/ou ter en conta transversalmente

o enfoque de xénero nas súas actuacións.

- Nalgunhas concellerías, o compromiso co avance da igualdade a nivel municipal foi máis unha cuestión de implicación persoal por parte dalgunhas traballadoras e traballadores que do conxunto da área ou concellería concreta, polo que neste novo instrumento habería que facer un esforzo por estender o compromiso e o enfoque de xénero ao conxunto de cada concellería.
- Hai que seguir a traballar pola incorporación de cláusulas de igualdade na contratación pública.
- Tamén é preciso seguir facendo esforzos na desagregación por sexo dos datos municipais e a súa sistematización, pois unha vez incorporada a variable nos ficheiros e bases de datos xa se asenta a boa práctica.
- En canto ao emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, se ben se aprecian certos avances neste uso por parte dalgunhas áreas do Concello, aínda perduran no conxunto municipal moitos usos sexistas. O mesmo podería dicirse das imaxes empregadas en determinadas campañas de difusión. Por todo iso, haberá que seguir traballando neste ámbito e divulgar os numerosos materiais existentes, como os propios do Concello (*Libro de estilo. Modelos e recursos*, editado polo Gabinete de Normalización Lingüística, que contén un apartado específico de usos non sexistas e inclusivos da linguaxe) ou as numerosas aplicacións informáticas dispoñibles que facilitan este uso.
- Tense feito un esforzo específico por achegar os compromisos da equidade aos homes e lograr a súa implicación e participación nos programas e actividades propostas, polo que se lle debería dar continuidade a este tipo de programas.
- De igual xeito, tense ampliado a franxa de idade dos programas e actividades facendo un esforzo sinalado por chegar até as nenas e os nenos de menor idade e á mocidade, sinaladamente dende Igualdade, Educación e Benestar Social.
- É preciso seguir traballando pola inserción laboral e en igualdade de condicións das mulleres e pola promoción da diversificación profesional, implicando ao empresariado e axentes económicos.
- A violencia de xénero é a manifestación das desigualdades de xénero onde se percibe unha maior sensibilidade, tanto a nivel interno como externo, pero hai que seguir divulgando a idea de que o machismo e as desigualdades son algo máis que a violencia cara ás mulleres e que son a causa desta.
- Ademais, hai que visibilizar as diversas tipoloxías e manifestacións das violencias de xénero e adaptar os programas ás novas realidades emerxentes e cambiantes, como o acoso sexual e de xénero a través das novas tecnoloxías.



- Seguen a ser necesarios programas de apoio e fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar.
- Cómpre seguir adaptando os programas e actividades ás novas necesidades, como as derivadas de situacións socioeconómicas (crise económica, situación de determinadas mulleres migrantes, etc.) ou de graves vulneracións de dereitos, como a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, etc.
- Hai que continuar a divulgar -e polo tanto relanzar- a *Ordenanza Municipal de Promoción da Equidade de Xénero* (BOP núm. 46, do 25 de febreiro de 2013).

## 1.2. Metodoloxía de elaboración do III Plan

A metodoloxía empregada na elaboración deste III Plan xirou en torno a dous elementos.

Por unha banda, a consulta documental:

- Análise dos resultados da Avaliación do II Plan para a promoción da equidade de xénero do Concello de Ourense 2010-2014.
- Consulta de informes, memorias, estudos e debates actuais de xénero.
- Incorporación das indicacións contidas na nova lexislación e instrumentos marco de referencia a nivel europeo, comunitario, estatal e autonómico (normativa, protocolos, plans, etc.).

Por outra banda, baseouse nun proceso participativo e consultivo, de carácter interno e externo, desenvolvido ao longo do 2016 e consistente basicamente en:

- Entrevistas individuais semiestruturadas co persoal municipal.
- Grupos focais de discusión con colectivos profesionais que traballan en igualdade e violencia de xénero, así como co tecido asociativo.
- Reunións internas co persoal do CIMM.

Unha vez recollidas todas as informacións, sistematizáronse e convertéronse en posibles obxectivos e actuacións deste III Plan de Equidade.


### - **Entrevistas individuais semiestruturadas co persoal municipal**

O proceso seguido pode resumirse nos seguintes pasos:


- Identificación do persoal a contactar, tanto municipal (persoal técnico ou directivo de diferentes concellerías e áreas) como os principais axentes externos.

- Contacto telefónico e explicación do proceso participativo e consultivo do III Plan.
- Envío de documentación por correo electrónico (exemplar do anterior II Plan e carta explicativa do proceso actual).
- Entrevista semiestructurada:
  - Contextualización, explicación e balance por parte da consultora, do proceso feito ata o momento.
  - Recollida de suxestións, valoracións e achegas, ao mesmo tempo que desde a consultora se presentaban propostas depositables actuacións ou actividades a levar a cabo no marco do III Plan.
  - Intercambio de idea e suxestións.
  - Resolución de dúbidas técnicas xurdidas no transcurso da entrevista.
  - Compromiso de envío de documentación de apoio solicitada por parte do persoal municipal entrevistado.

En total, ao longo do 2016 participaron na diagnose do presente Plan **21 áreas** do Concello. Entrevistáronse **31 persoas** (persoal técnico, administrativo e directivo), tal e como se recolle no seguinte gráfico, das que 9 foron homes e 22 mulleres.



### Área municipal e nº de persoas participantes por Área nas entrevistas do ano 2016 para a elaboración do III Plan Equidade



## - Os grupos focais de discusión

Á súa vez, e como non podería ser doutra maneira, contouse coa participación da cidadanía. Fixéronse **dous grupos de discusión** (un de mañá e outro de tarde) para facilitar ao máximo a participación e a conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

Estes grupos tiveron lugar no mes de **maio do 2016**. Neles participaron profesionais de institucións e organizacións que traballan no ámbito da igualdade e a violencia de xénero, asociacións feministas e de mulleres, representantes de organizacións políticas e sindicais, da Universidade e asociacións veciñais. Contouse tamén coa participación do persoal da Concellería de Igualdade (directora do CIMM e asesora xurídica) e coa concelleira da Área.



En total nestes dous grupos participaron **47 persoas**, 45 mulleres e 2 homes, que fixeron propostas en función das súas experiencias e que foron debatidas no propio grupo de discusión e recollidas neste III Plan.



## MARCO NORMATIVO DO III PLAN PARA A PROMOCIÓN DA EQUIDADE DE XÉNERO

A nivel internacional, europeo, estatal e autonómico cóntase entre outros, cos seguintes instrumentos legais e documentos de referencia para guiar as actuacións contidas neste III Plan, ou que se poidan derivar del:

### **Internacional**

- Resolución 2002/52 da Comisión de Dereitos Humanos da ONU, sobre a eliminación da violencia contra a muller.
- Convención das Nacións Unidas para a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller (CEDAW) de 1979 e o seu correspondente Protocolo (1999).
- Protocolo para previr, reprimir e sancionar a trata de persoas, especialmente mulleres e nenos e nenas, que complementa a Convención das Nacións Unidas contra a delincuencia organizada transnacional (Protocolo de Palermo, 2000).

### **Europeo**

- Regulamentos da aplicación dos Fondos Europeos Estruturais e de Investimento (EEI), así como os obxectivos de España establecidos no Acordo de Asociación 2014-2020.
- Estratexia da Comisión Europea para a igualdade entre mulleres e homes (2010-2015) e Estratexia Europa 2020, para un crecemento, intelixente, sostible e integrador, onde se reafirma a vontade de cumprir cos obxectivos da UE en materia de igualdade.
- Segundo Pacto pola Igualdade de Xénero 2011-2020, adoptado polo Consello Europeo de 7 de marzo de 2011, que contén tamén previsións específicas das distintas formas de violencia.
- Estratexia Europea para a Equidade de xénero, 2016-2019.
- Regulamento 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas aos Fondos da Unión Europea, aos Estados membros e da Comisión onde deben velar por que se teña en conta e se promova a igualdade entre homes e mulleres, a integración da perspectiva de xénero en todas as fases de preparación e execución dos programas financiados cos diferentes Fondos.
- Consello de Europa, Convenio sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica, suscrito en Estambul o 11 de maio de 2011,

ratificado por España (BOE 6 de xuño de 2014).

- Decisión Nº 779/2007/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 20 de xuño de 2007.

## **Estatal**

- A propia Constitución española, sinaladamente o Art. 14. 2.
- Plan Integral de Loita contra a Trata de Mulleres e Nenas con Fins de Explotación Sexual 2015-2018 (aprobado mediante Acordo de Consello de Ministros do 18 de setembro de 2015).
- Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades, 2014-2016.
- Estratexia Nacional para a Erradicación da Violencia contra a Muller, 2013-2016.
- Lei 42/2015, de 5 de outubro, de reforma da Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil (dereito de asistencia xurídica gratuita para vítimas de violencia de xénero e de trata).
- Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e mocidade e de fillas e fillos das mulleres vítimas de violencia.
- Lei Orgánica 7/2015, de 21 de xullo, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, que mellora a tutela xudicial das vítimas de violencia de xénero.
- Lei 15/2015, de 2 de xullo, da Xurisdición Voluntaria (inclúe novidades relativas aos requirimentos para contraer matrimonio e en materia de indignidade sucesoria, nos supostos de violencia de xénero).
- Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito.
- Protocolo Marco de Protección das Vítimas de trata, 2011.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 15/2005 do 8 de xullo pola que se modifica o Código Civil e a Lei de Axuizamento Civil en materia de separación e divorcio.
- Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da Orde de protección das vítimas da violencia doméstica (pola que se crea o Rexistro Central para a protección das vítimas).



## Galego

- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.
- Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requirimentos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.
- I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, 2016-2020, da Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.
- Lei 12/2016, do 22 de xullo pola que se modifica (moi parcialmente) a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (no referido principalmente, ao recoñecemento como violencia de xénero a explotación sexual de mulleres e nenas, e a prestación económica de carácter periódico dirixida ás mulleres vítimas).
- Plan Estratéxico de Galicia, 2015-20.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Artigo 4. Elementos transversais 2.
- Decreto legislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (refunde Lei 7/2004 galega de igualdade e Lei 2/2007 do traballo en igualdade das mulleres en Galicia).
- Protocolo de actuación institucional sobre adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, Xunta de Galicia, 2012.

ÁREAS DE ACTUACIÓN DO III PLAN, OBXECTIVOS, MEDIDAS  
COMPROMETIDAS, INDICADORES E CONCELLERÍAS RESPONSABLES

## ÁREA 1. CORRESPONSABILIDADE DA ADMINISTRACIÓN NA PROMOCIÓN DA IGUALDADE

Total medidas comprometidas: **12**

### **OBXECTIVO 1**

Fornecer e seguir promovendo a inclusión da transversalización da perspectiva de xénero nos criterios e actuacións internos e externos do Concello.

### **MEDIDAS COMPROMETIDAS**

1. Levar a cabo desde a Alcaldía con todas as áreas municipais sesións de traballo de concienciación sobre a súa corresponsabilidade na consecución de avances cara unha sociedade máis xusta e igualitaria entre mulleres e homes.
2. Divulgar a *Ordenanza Municipal de Promoción da Equidade de Xénero* (BOP núm. 46, do 25 de febreiro de 2013) organizando medidas específicas neste sentido desde Alcaldía e desde cada concellaría.
3. Implicar a todas as concellerías na promoción da igualdade de xénero para que leven a cabo as medidas comprometidas, favorecendo un liderado partillado a favor da igualdade a nivel municipal e levando a cabo sesións de asesoramento, seguimento e impulso da identificación da pertinencia de xénero e a súa inclusión práctica en cada concellería (revisión de plans, programas, proxectos, estudos, ou informes, etc.), en función dos compromisos adquiridos neste III Plan.
4. Reforzar e consolidar as estruturas municipais e os servizos de fomento da igualdade e da conciliación, sinaladamente o Centro de Información Municipal ás Mulleres (CIMM).
5. Divulgar externa e internamente o Centro de Información Municipal ás Mulleres (CIMM) como referente municipal en materia de igualdade e violencias de xénero.
6. Seguir a promover a cooperación do Centro de Información Municipal ás Mulleres (CIMM) con todas as concellerías na identificación da pertinencia de xénero e na súa inclusión práctica en cada concellería. Asesorar desde a Concellería de Igualdade-CIMM na posta en práctica destas medidas internas.

7. Ofertar e acoller prácticas académicas e laborais no ámbito da igualdade e da conciliación.
8. Levar a cabo formacións específicas para a capacitación e formación do persoal municipal -e das principais empresas ou entidades colaboradoras co Concello- en temas de xénero, igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e conciliación (linguaxe e publicidade non sexistas e inclusivas, deseño de indicadores de xénero, orzamentos sensibles ao xénero, inclusión de medidas e obxectivos de igualdade en proxectos, medida de impactos de xénero, etc.).
9. Fornecer a importancia de seguir incluíndo criterios de calidade en clave de igualdade entre mulleres e homes nas relacións administrativas, contractuais, institucionais ou convenios do Concello con outras entidades públicas ou privadas. Propoñer a inclusión desde a Alcaldía dunha cláusula administrativa de aplicación xeral para todos os novos contratos, convenios, convocatorias de subvencións con empresas, entidades, organismos, asociacións ou institucións, que inclúa nos criterios de baremación a igualdade e/ou conciliación como un elemento de calidade, tanto para os pregos técnicos coma nas cláusulas administrativas, que vaian desde: a esixencia e/ou valoración do emprego dunha linguaxe e de imaxes non sexistas; a identificación de obxectivos e medidas de igualdade; a formación en xénero do persoal; a composición da cadro de persoal por sexo, do consello de dirección, ou dirección do proxecto, etc.
10. Esixir desde todas as concellerías como principio democrático e de calidade a inclusión da perspectiva de xénero en todo os programas ou proxectos que se financien ou nos que colabore directamente o Concello, sinaladamente nos dirixidos directamente á cidadanía, incluíndo desde cada concellería nos requirimentos básicos para a participación nas convocatorias públicas de subvencións do Concello a inclusión da igualdade entre mulleres e homes como un principio transversal ou mediante actuacións puntuais.
11. Facer un recoñecemento público, con carácter anual, da área ou departamento municipal que teña feito o avance máis salientable na aplicación de medidas de igualdade.

12. Crear un novo indicador, para todo o Concello, que dea conta e especifique nas memorias trimestrais ou anuais de cada departamento aquelas actividades que reflectan os compromisos establecidos nesta Área do III Plan, mediante o establecemento dun apartado concreto que lle dea visibilidade a “actividades específicas onde se ten fomentado a igualdade”.

### **CONCELLERÍAS / ÁREAS RESPONSABLES**

Todas, sinaladamente Alcaldía, e contando co asesoramento da Concellería Igualdade-CIMM.

### **INDICADORES**

- Nº de medidas desenvolvidas e ano de realización.
- Nº de actuacións levadas a cabo en cada medida.
- Nº de persoas participantes desagregadas por sexo.
- Rexistro e sinalización co texto “*actividade específica de fomento da igualdade*”, nas memorias trimestrais ou anuais de cada departamento, daquelas actividades que reflectan a realización dos compromisos de cada Área do III Plan.

## ÁREA 2. PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO ASOCIACIONISMO E NA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Total medidas comprometidas: 5

### **OBXECTIVO 2**

Fornecer a participación social das mulleres no tecido asociativo ourensano en xeral e promover a inclusión da igualdade de xénero na dinámica e nas actividades das asociacións.

### **MEDIDAS COMPROMETIDAS**

1. Fornecer o movemento feminista e o asociacionismo de mulleres rurais e urbanas de Ourense, reforzando as axudas económicas que garantan a súa supervivencia e colaborando na difusión das actividades que se impulsan desde estas asociacións.
2. Dinamizar e relanzar o asociacionismo de mulleres e feminista desde o Consello Municipal de Igualdade entre Mulleres e Homes mediante a cesión de espazos de reunións que faciliten o coñecemento mutuo destas entidades, o intercambio de experiencias, o traballo en rede, os debates e a colaboración na difusión das actividades que se impulsan desde cada entidade en materia de igualdade.
3. Levar a cabo actuacións para fomentar que nos colectivos de persoas migrantes (inmigrantes e emigrantes retornadas) exista unha vogalía de mulleres/igualdade e fomentar, á súa vez, o asociacionismo específico de colectivos de mulleres migrantes que favoreza a súa integración na sociedade de acollida.
4. Impulsar o Consello Municipal de Igualdade entre Mulleres e Homes, de cara a reforzar o seu papel como órgano consultivo e propositivo nas políticas de igualdade e na cidade de Ourense en xeral.
5. Incluír desde cada concellería nos requirimentos básicos para a participación nas convocatorias públicas de subvencións do Concello de Ourense a inclusión de mulleres nos postos xerárquicos e de toma de decisións -postos directivos, presidencia, xunta ou consello da entidade/asociación (asociacións deportivas, culturais, gastronómicas, de veciñanza, de Entroido, musicais, de nais e pais, persoas con diversidade funcional, de comerciantes, etc.)- ou a creación de

vogalías da muller ou igualdade nas asociacións de carácter mixto. Incluír igualmente a variable sexo no rexistro de persoas socias e cargos.

### **CONCELLERÍAS / ÁREAS RESPONSABLES**

Sinaladamente Benestar Social, Participación Cidadá, Voluntariado, Saúde, Xuventude, Deportes, Cultura e contando co asesoramento da Concellería de Igualdade-CIMM.

### **INDICADORES**

- Nº de medidas desenvolvidas e ano de realización.
- Nº de actuacións levadas a cabo en cada medida.
- Nº de persoas participantes desagregadas por sexo.
- Rexistro e sinalización co texto “*actividade específica de fomento da igualdade*”, nas memorias trimestrais ou anuais de cada departamento, daquelas actividades que reflectan a realización dos compromisos de cada Área do III Plan.

## ÁREA 3. PROMOCIÓN DAS DIVERSIDADES DE XÉNERO

Total medidas comprometidas: **11**

### **OBXECTIVO 3**

Contribuír á consolidación dunha sociedade ourensá máis integradora e diversa en canto ás identidades de xénero e loitar contra os estereotipos e prexuízos de xénero, tendo en conta a dobre discriminación das mulleres de determinados grupos minoritarios.

### **MEDIDAS**

1. Levar a cabo programas ou actuacións concretas que favorezan a integración en clave de igualdade e respecto intercultural das mulleres migrantes, fomentando o rexeitamento de estereotipos xenófobos e unha posible dobre discriminación.
2. Realizar cursos e/ou programas de inmersión lingüística para mulleres inmigrantes como mecanismo de integración e de fomento da autonomía.
3. Levar a cabo accións específicas entre os colectivos de mulleres inmigrantes de diversas nacionalidades residentes no municipio (China, Marrocos, Nixeria, Romanía e Senegal sinaladamente) para dar a coñecer os recursos de apoio con que conta o Concello e os seus dereitos específicos, distribuíndo á súa vez folletos informativos nas diferentes linguas entre estas comunidades.
4. Procurar que desde todas as concellerías, en especial desde o “Gabinete de Prensa”, se respecte e visibilice a diversidade das mulleres (étnica, racial, física, de orientación sexual, de identidade de xénero, de idades e capacidades diversas, mulleres non estándar....) en calquera tipo de soporte (papel, dixital, vídeo...) e nos medios nos que publique, colabore ou patrocine o Concello (obras impresas, carteis, folletos divulgativos, páxina web, etc.).
5. Levar a cabo actividades que fomenten o cuestionamento das identidades binarias e hexemónicas de xénero (masculina e feminina) e das consecuencias negativas das construcións sociais para homes e mulleres, sinaladamente da masculinidade hexemónica e estereotipada como un factor de risco (condución temeraria, riscos laborais e deportivos por non respectar as medidas de



protección, resolución violenta de conflitos...).

6. Na época de Nadal e Reis lanzar unha campaña de concienciación sobre os valores que transmiten certos xogos e xoguetes na perpetuación (ou non) dos roles de xénero e o papel activo que desempeñan as familias no reforzo ou o cambio dos mesmos.
7. Nas campañas de Nadal de recollida e posterior reparto de xoguetes promovidas polo Concello -ou por entidades sociais coas que colabore habitualmente-, facer especial fincapé na compra de xogos e xoguetes que non fomenten o seu uso sexista ou bélico, tendo en conta como criterio no seu reparto posterior a idade e non o sexo.
8. Continuar programando actos informativos, de concienciación, xornadas, obradoiros, ciclos de cinema, etc. sobre a desestigmatización e visibilización da realidade e diversidade LGTBI (lesbianas, gais, transexuais e transxénero, bisexuais e intersexuais, e interxénero...) que fomenten o respecto da diversidade dos corpos e das identidades de xénero, sinaladamente de menores e das súas familias.
9. Organizar actos institucionais de apoio e prevención dos delitos de odio mediante a colaboración con asociacións LGTBI na conmemoración de datas significativas, como o 28 de xuño, Día Internacional do Orgullo LGBT, e o 24 de outubro, Día Internacional de Acción pola Despatoloxización Trans.
10. Levar a cabo actividades específicas dirixidas ás etapas de Educación Infantil, Primaria e Secundaria sobre o respecto á diversidade das identidades de xénero e á orientación sexual, e previr especificamente a homofobia, lesbofobia e transfobia nos centros educativos privados e públicos do concello de Ourense.
11. Posicionarse e denunciar publicamente, como Concello, calquera acto ou delito de odio relacionado coa diversidade que teña lugar no termo municipal do que se teña coñecemento.

## **CONCELLERÍAS / ÁREAS RESPONSABLES**

Sinaladamente Benestar Social e Igualdade-CIMM, Participación Cidadá, Voluntariado, Xuventude, Educación, Saúde, Deportes e Cultura.

## **INDICADORES**

- Nº de medidas desenvolvidas e ano de realización.
- Nº de actuacións levadas a cabo en cada medida.
- Nº de persoas participantes desagregadas por sexo.
- Rexistro e sinalización co texto “*actividade específica de fomento da igualdade*”, nas memorias trimestrais ou anuais de cada departamento, daquelas actividades que reflectan a realización dos compromisos de cada Área do III Plan.

## ÁREA 4. PROMOCIÓN DO BENESTAR SOCIAL EN IGUALDADE

Total medidas comprometidas: 9

### OBXECTIVO 4

Garantir a integración da perspectiva de xénero e a promoción da equidade entre mulleres e homes nos programas e actividades dirixidos a mellorar o benestar social.

### MEDIDAS

1. Diseñar unhas recomendacións de transversalización de xénero nos contidos da Concellería de Benestar Social identificando a pertinencia de xénero nos programas que se desenvolven.
2. Revisar, incluír e baremar especificamente en todas as bases dos pregos de contratación, concursos e convenios asinados con entidades ou empresas prestadoras de servizos sociais, obxectivos transversais e específicos de igualdade que se teñen que reflectir na metodoloxía, contidos e actividades que se leven a cabo, así como na formación (*Curriculum Vitae*) do persoal encargado de impartilas ou coordinalas: convocatorias dos campamentos de verán, Nadal ou Semana Santa, programas de apoio escolar e extraescolar, clases de idioma e cultura española para persoas adultas, apoio e intervención sociofamiliar con familias, programa de vacacións en familia, etc.
3. Levar a cabo coas posibles entidades ou empresas prestadoras de servizos unha reunión informativa e de presentación das novas directrices técnicas de baremación para aclarar posibles dúbidas e facilitar a súa posta en marcha.
4. Atender especificamente un posible déficit de participación, de discriminación, ou situacións de maior risco de exclusión social das mulleres dos diversos colectivos cos que se traballa nos programas de Servizos Sociais.
5. Velar especificamente para que nos procesos de integración das e dos menores e das familias coas que se intervén desde Servizos Sociais se inclúan valores de igualdade, prevención das violencias de xénero e corresponsabilidade.
6. Levar a cabo cursos de formacións de autocoidado (corrección postural, risoterapia, redución do estrés, etc.) para as persoas coidadoras de xente maior

ou dependente.

7. Descentralizar algunhas das actuacións comprometidas neste III Plan levándoas ás zonas máis rurais do Concello de Ourense.
8. Realizar un obradoiro de promoción da autonomía para homes maiores que viven sós, abordando temas como o control da medicación, xestións e limpeza do lar, tramitación de facturas, coidado da roupa e pasar o ferro, compra e cociña, comidas equilibradas, etc.
9. Seguir organizando actividades saudables, nomeadamente para as mulleres maiores (andainas, obradoiros de risoterapia, tai-chi, pilates, ioga, ximnasia de mantemento, etc.), como un espazo de autocoidado e de socialización.

### **CONCELLERÍAS / ÁREAS RESPONSABLES**

Sinaladamente Benestar Social, Emprego, Saúde e Igualdade-CIMM.

### **INDICADORES**

- Nº de medidas desenvolvidas e ano de realización.
- Nº de actuacións levadas a cabo en cada medida.
- Nº de persoas participantes desagregadas por sexo.
- Rexistro e sinalización co texto "*actividade específica de fomento da igualdade*", nas memorias trimestrais ou anuais de cada departamento, daquelas actividades que reflectan a realización dos compromisos de cada Área do III Plan.

## ÁREA 5. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DESDE A CULTURA, AS ARTES E AS BIBLIOTECAS

Total medidas comprometidas: **13**

### **OBXECTIVO 5**

Promover valores de equidade de xénero desde os proxectos, programas, actividades culturais, artísticas, musicais, museísticas, etc. que organice ou financie o Concello.

#### **OBXECTIVO ESPECÍFICO 5. 1.**

Incluír dun xeito específico valores de equidade entre mulleres e homes nas programacións e actividades culturais e artísticas que organice o Concello.

### **MEDIDAS**

1. Potenciar que na selección de obras para os principais eventos culturais e artísticos que organiza directamente o Concello (mediante a participación en feiras de mostras ou outros medios), para representar tanto nos espazos propios coma alleos, se teñan en conta criterios de igualdade nos contidos abordados, nos guións, na autoría da obra seleccionada, no elenco de artistas, na produción, etc. (Festival Internacional de Teatro, Festival Internacional de Cine, Festival de Teatro Infantil...).
2. Incluír especificamente temas de igualdade, cando proceda, nas sinopses e presentacións que se fagan das obras programadas como un criterio máis de presentación.
3. Promover e aplicar os mesmos criterios de igualdade para aqueles eventos culturais e artísticos que non organiza directamente o Concello pero nos que ten unha colaboración salientada, como na Mostra de Teatro Universitario de Ourense, etc.
4. Seguir a organizar e manter os espazos paralelos de ludoteca móbil e/ou conciliación nas programacións culturais e artísticas do Auditorio de Ourense e noutros locais, de titularidade municipais ou non (de teatro, danza, música, cine, audiovisuais...), procurando que nas actividades que se leven a cabo se traballen valores de igualdade.

## **OBXECTIVO ESPECÍFICO 5. 2.**

Incluír dun xeito específico valores de equidade entre mulleres e homes nas actividades que se organicen nas bibliotecas, bebetecas, ludotecas municipais, espazos expositivos, ou nos centros educativos cos que colabore o Concello.

### **MEDIDAS**

1. Incluír dun xeito específico valores de equidade entre mulleres e homes nas programacións trimestrais de actividades que se organicen nas bibliotecas, bebetecas, ludotecas municipais (audicións, encontros con autoras/es, animación á lectura, tertulias literarias, círculos de lectoras/es, monicreques, contacontos, cinefórum, días ou festividades conmemorativas, conferencias...).
2. Organizar todos os anos unha actividade en torno dunha autora galega (escritora, ensaísta, pensadora, pintora, escultora, dramaturga, cantante, compositora, etc.) nas bibliotecas, bebetecas, ludotecas municipais, espazos expositivos, museos..., visibilizando así as achegas das mulleres galegas á cultura.
3. Organizar unha xornada de traballo co persoal das bibliotecas, ludotecas, bebetecas municipais e privadas de Ourense e coas librerías da cidade para partillar experiencias, retos e recursos en torno á promoción da igualdade.
4. Nos recunchos de xogos e disfraces das bibliotecas, ludotecas e bebetecas previr as actitudes violentas e discriminatorias de xénero entre nenos e nenas.
5. Nas bases dos concursos literarios, artísticos, fotográficos... incluír valores ou criterios de igualdade (temática que aborda, enfoque, linguaxe empregada, etc.).
6. Fomentar a visibilidade das mulleres artistas incluíndo a variable sexo/xénero, tanto no inventariado de fondos como no catálogo de autoras/es do Museo Municipal.
7. Nas visitas guiadas ás exposicións municipais, incluír a análise de xénero das obras (representacións de xénero nas obras, os roles de xénero, traxectoria da/o artista, etc.).

8. Organizar unha exposición e/ou programa cultural coas obras de todas as mulleres artistas coas que conta o fondo do Museo Municipal de Ourense.
9. Seguir fomentando a participación de mulleres artistas nos diferentes espazos expositivos cos que conta o Concello.

### **CONCELLERÍAS / ÁREAS RESPONSABLES**

Sinaladamente Cultura, Educación, Bibliotecas e Centros Cívicos e contando co asesoramento da Concellería de Igualdade-CIMM.

### **INDICADORES**

- Nº de medidas desenvolvidas e ano de realización.
- Nº de actuacións levadas a cabo en cada medida.
- Nº de persoas participantes desagregadas por sexo.
- Rexistro e sinalización co texto "*actividade específica de fomento da igualdade*", nas memorias trimestrais ou anuais de cada departamento, daquelas actividades que reflectan a realización dos compromisos de cada Área do III Plan.

## ÁREA 6. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DESDE O TURISMO

Total medidas comprometidas: **5**

### **OBXECTIVO 6**

Promover a igualdade de xénero e a visibilización das mulleres nas actividades de promoción turística que organice, financie ou nas que colabore o Concello.

### **MEDIDAS**

1. Promover o coñecemento da xenealoxía da historia das mulleres e as súas achegas, sinaladamente das ourensás ou galegas que teñan destacado nalgún ámbito artístico, cultural, histórico, científico, deportivo, etc. mediante un percorrido polos lugares da cidade onde estea a súa pegada (lugares de acontecementos históricos relacionados coas mulleres e coa igualdade, lugares ou fábricas de oficios tradicionais das mulleres, nomes de rúas, prazas, edificios, estatuas, esculturas ou obras de arte relacionadas coas mulleres ou coa igualdade, etc.).
2. Diseñar un roteiro turístico para a cidade de Ourense que dea a coñecer o papel e contribución das ourensás, tanto á historia cotiá como ao desenvolvemento histórico, político, económico, educativo, cultural e artístico da cidade.
3. Na revisión ou reedición de folletos turísticos incluír referencias nos contidos e imaxes (dixitais, fotografías antigas, etc.) que visibilicen o papel das mulleres na historia da cidade.
4. Darlle maior divulgación á mitoloxía feminina de ninfas e deusas pre-romanas e romanas en torno ao mundo das termas (ninfas de As Burgas, Calpurnia Abana, Venus...).
5. Promover a participación das mulleres en certames ou feiras gastronómicas, concursos de tapas, catas de café ou viño, etc. que se organicen desde o Concello ou nos que colabore co gremio de hostalería.



## **CONCELLERÍAS / ÁREAS RESPONSABLES**

Sinaladamente Turismo, Termalismo, Cultura, Urbanismo, Educación, Bibliotecas e Centros Cívicos e contando co asesoramento da Concellería de Igualdade-CIMM.

## **INDICADORES**

- Nº de medidas desenvolvidas e ano de realización.
- Nº de actuacións levadas a cabo en cada medida.
- Nº de persoas participantes desagregadas por sexo.
- Rexistro e sinalización co texto "*actividade específica de fomento da igualdade*", nas memorias trimestrais ou anuais de cada departamento, daquelas actividades que reflictan a realización dos compromisos de cada Área do III Plan.

## ÁREA 7. PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO DEPORTE

Total medidas comprometidas: **6**

### **OBXECTIVO 7**

Promover unha maior participación das mulleres na práctica deportiva en xeral e traballar pola eliminación dos prexuízos de xénero no deporte.

### **MEDIDAS**

1. Apoiar a práctica deportiva profesional e afeccionada por parte das mulleres mediante a creación de premios ou bolsas específicas para os deportes onde están subrepresentadas.
2. Organizar obradoiros, clases de balde e exhibicións deportivas de nenas, mozas e mulleres adultas en espazos públicos, prazas, rúas, para motivar a súa práctica.
3. Promover desde o Concello, ou en colaboración con empresas/asociacións de lecer e tempo libre, a organización dun campamento deportivo nos períodos vacacionais (Nadal, Semana Santa ou verán), cunha oferta multideportiva que motive máis a participación de nenas e mozas (ximnasia, natación sincronizada, basquet, tenis, etc. ou actividades de danza, zumba, ioga, tai-chi...).
4. Incluír na convocatoria de subvencións ás asociacións, clubs e federacións deportivas a obriga, segundo a Lei Orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes, de fomentar a participación equitativa de mulleres e homes (40% - 60%) nas presidencias de consellos e comités deportivos.
5. Esixir ás asociacións, clubs e federacións deportivas a listaxe de persoas participantes desagregadas por sexo/xénero.
6. Establecer un plan progresivo de reformas arquitectónicas ou de instalación de elementos para que todos os equipamentos deportivos municipais estean dotados de cambia cueiros.

## **CONCELLERÍAS / ÁREAS RESPONSABLES**

Sinaladamente Deportes, Educación e Xuventude e contando co asesoramento da Concellería de Igualdade-CIMM.

## **INDICADORES**

- Nº de medidas desenvolvidas e ano de realización.
- Nº de actuacións levadas a cabo en cada medida.
- Nº de persoas participantes desagregadas por sexo.
- Rexistro e sinalización co texto “*actividade específica de fomento da igualdade*”, nas memorias trimestrais ou anuais de cada departamento, daquelas actividades que reflictan a realización dos compromisos de cada Área do III Plan.

## ÁREA 8. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DESDE A EDUCACIÓN

Total medidas comprometidas: **13**

### **OBXECTIVO 8**

Promover valores de equidade de xénero na comunidade educativa dun xeito permanente e transversal.

### **MEDIDAS**

1. Reforzar e ampliar, en colaboración cos centros de ensino de primaria, os programas de fomento de valores de igualdade de xénero, como o “Programa de Educación en Igualdade”, que involucren a toda a comunidade educativa (alumnado, familias e profesorado) e ir incorporando os actuais debates contemporáneos na equidade de xénero (estereotipos de xénero, masculinidade hexemónica, diversidade de identidades de xénero, diversidade de tipos de familias, corresponsabilidade no fogar, etc.).
2. Estender este tipo de programas facendo as adaptacións oportunas á ESO, sinaladamente no referente ao ciberacoso, *sexting*, *grooming*, acoso escolar e de xénero, identificación dos chamados micromachismos e das violencias de xénero, os efectos da masculinidade hexemónica, a diversidade de identidades de xénero, os discursos de xénero en torno ao corpo, a gordofobia, a prevención da homo-lesbo-transfobia, a diversidade de tipos de familias, a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, etc.
3. Difundir a idea da “tolerancia cero” aos micromachismos entre a comunidade educativa e a mocidade en xeral para frear a súa normalización dentro e fóra dos centros educativos (os “falsos” piropos cara ás mozas, facer risos con chistes machistas e sobre persoas LGTBI, espiar coas olladas ás mozas, criticar o comportamento sexual das mozas e lanzar contos sobre o súa perda da virxindade ou promiscuidade, aproveitar situacións de proximidade física para facer apalpadadas nos peitos ou o cu das mozas, presumir entre mozos de quen ten máis relacións sexuais, etc.).
4. Informar, concienciar e facilitar ferramentas para loitar contra as violencias de xénero a través das tecnoloxías (como o *sexting* ou *grooming*, ciberacoso sexual, porno vinganza, *ciberbulling*, etc.) dirixidas tanto ao propio alumnado como ao

resto da comunidade educativa.

5. Reforzar e dar continuidade aos programas de carácter permanente da propia Concellería sobre os debates contemporáneos das identidades de xénero, de promoción da igualdade e da equidade, das novas masculinidades, de prevención das violencias de xénero e da homofobia, de promoción de paternidades responsables, etc.
6. Levar a cabo actividades de formación para o profesorado e o alumnado de secundaria, sobre educación afectiva e sexual libre de estereotipos de xénero, as consecuencias da heterosexualidade hexemónica e normativa, a prevención da homo-lesbo-transfobia, a prevención de embarazos non desexados e de doenzas de transmisión sexual, a detección e prevención da violencia de xénero entre a mocidade (sinaladamente cos mozos), concienciando sobre o tráfico de seres humanos con fines de explotación sexual que se acostuma a agochar baixo a prostitución.
7. Elaborar unidades didácticas específicas que visibilicen a contribución das mulleres ourensás ao desenvolvemento social, histórico, político, cultural, artístico, científico, literario, económico, etc. da cidade de Ourense, poñendo en valor as súas achegas.
8. Propoñer e impulsar, coa Universidade de Vigo, o establecemento dalgún Postgrao universitario ou Master no Campus de Ourense sobre algún dos ámbitos que abarcan os estudos de xénero e igualdade.
9. Seguir apostando pola posta en marcha de cursos de formación en xénero e igualdade no ámbito da animación sociocultural e da dinamización grupal, que inclúan ferramentas, dinámicas e actividades prácticas, tanto entre o persoal técnico municipal, como entre as e os profesionais do sector que colaboran co Concello.
10. Nas bases das convocatorias municipais de campamentos e actividades extra-escolares, incluír nos requirimentos técnicos a obriga da formación específica en igualdade do persoal proposto e posteriormente seleccionado, así como a inclusión da perspectiva de xénero nos contidos e actividades do programa a desenvolver.

11. Fomentar a diminución da fenda dixital de nenas e mozas mediante a realización de obradoiros de robótica, de programación, ou de “chapuzas” tecnolóxicas, etc. adaptados metodoloxicamente a estas idades e tendo en conta os factores de xénero dun xeito transversal no seu desenvolvemento, ofrecendo referentes de mulleres tecnolóxicas pioneiras e actuais, así como materiais didácticos específicos sobre as achegas das mulleres á ciencia.
12. Fomentar a diminución da fenda dixital nas mulleres adultas e vellas mediante obradoiros de introdución ao manexo de *tablets*, redes sociais, móbiles e aplicacións para os dispositivos móbiles.
13. Propoñer e buscar fórmulas que fagan viable a apertura das instalacións e dotacións deportivas, de lecer e culturais dos centros educativos nas fins de semana e en períodos vacacionais para facilitar a conciliación das familias e o aproveitamento dos recursos do barrio.

## **CONCELLERÍAS / ÁREAS RESPONSABLES**

Sinaladamente Educación, Xuventude, Voluntariado, Benestar e Igualdade-CIMM.

## **INDICADORES**

- Nº de medidas desenvolvidas e ano de realización.
- Nº de actuacións levadas a cabo en cada medida.
- Nº de persoas participantes desagregadas por sexo.
- Rexistro e sinalización co texto “*actividade específica de fomento da igualdade*”, nas memorias trimestrais ou anuais de cada departamento, daquelas actividades que reflectan a realización dos compromisos de cada Área do III Plan.

## ÁREA 9. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES NO EMPREGO

Total medidas comprometidas: **16**

### **OBXECTIVO 9**

Promover a igualdade de oportunidades para as mulleres no ámbito laboral.

### **MEDIDAS**

1. Seguir a desenvolver programas específicos para mulleres que faciliten a súa empregabilidade no mercado laboral tradicional (coidados, dependencia, cociña, hostalería), así como en sectores emerxentes e non tradicionais (novos niños de emprego).
2. Concienciar e formar en igualdade de oportunidades ao empresariado de cara á diminución dos prexuízos e estereotipos de xénero sobre as capacidades laborais de mulleres e homes, facilitando argumentos e divulgando experiencias previas exitosas diversificadas que contribúan a reducir a forte segregación laboral.
3. Na organización das Escolas Obradoiro fomentar a diversidade profesional de mulleres e homes, incluíndo referentes non estereotipados.
4. Nos cursos de idiomas e de competencias clave para o emprego introducir elementos de igualdade ente mulleres e homes e de fomento da diversidade profesional.
5. Levar a cabo experiencias (prácticas titorizadas) de fomento e fixación de hábitos laborais que faciliten o éxito na inserción laboral e a igualdade de oportunidades das mulleres de colectivos en situación de vulnerabilidade social.
6. Implementar, con persoal especializado en xénero, o Módulo de igualdade de cara a transversalizalo ao longo dos cursos de formación para o emprego acompañando así o proceso de toma de conciencia do impacto dos roles de xénero nas vidas de mulleres e homes e fomentando o empoderamento das mulleres como colectivo.

7. Desenvolver programas de fomento do autoemprego das mulleres e levar a cabo experiencias de “madríñaxe” dunhas mulleres a outras.
8. Dar soporte ás mulleres vencelladas a programas de formación e emprego do Concello (presentación dun informe desde o servizo municipal de emprego e intermediar na entrevista coas entidades bancarias), na procura de fórmulas de financiamento alternativas para os pequenos créditos (menos de 4.000€) que poidan necesitar para a posta en marcha de proxectos empresariais de autoemprego.
9. Impulsar, reforzar e divulgar o viveiro de empresas do Concello como fórmula de fomento do emprendemento por parte das mulleres, mellorando as bases da convocatoria do niño de empresas/viveiro municipal para incidir no éxito e sustentabilidade empresarial mediante a impartición de formacións específicas da práctica empresarial (contabilidade, Seguridade Social, impostos, IVE, franquías...).
10. Relanzar os plans de empresa e o seu seguimento directo e personalizado, reforzando a superación das barreiras de xénero no mercado laboral.
11. Relanzar a Feira do emprendemento, que ten un impacto directo nas posibilidades de autoemprego das mulleres.
12. Realizar cursos de formación en ámbitos con demandas actuais, como especialistas en cata de viños, aceites, cafés, cortar xamón, termalismo e masaxes, hostalería con inglés, guía turística, tempo de lecer e animación socio-cultural, confección téxtil, servizos web e redes sociais, etc.
13. Apoiar e impulsar iniciativas empresariais en sectores do ámbito da atención ás persoas, que teñen un impacto directo e dobre no emprego das mulleres (facilitar a conciliación e creación de emprego), como servizos de atención á dependencia, á discapacidade, tarefas do fogar, servizos de comedor, reforzo escolar, actividades de tempo de lecer, campamentos, actividades deportivas e extraescolares...



14. Manter e reforzar as axudas á conciliación temperá de nenas e nenos, e aplicar fórmulas de axudas para o coidado de persoas anciás e/ou dependentes nos cursos de formación para o emprego.
15. Idear e propor fórmulas (teleformación, titorías a través de Skype cos móbiles/ordenadores, presentación de traballos...) que fagan compatible os horarios dos cursos de formación coas responsabilidades no coidado de persoas anciás ou menores e cos horarios dos transportes públicos, sobre todo no perímetro rural de Ourense.
16. Revitalizar o papel do pequeno comercio de proximidade como elemento facilitador da harmonización dos usos dos tempos e de creación de postos de traballo (asalariado ou autoemprego) en sectores e perfís que acostuman cubrir xeralmente as mulleres.

### **CONCELLERÍAS / ÁREAS RESPONSABLES**

Sinaladamente Emprego e Benestar e contando co asesoramento da Concellería de Igualdade-CIMM.

### **INDICADORES**

- Nº de medidas desenvolvidas e ano de realización.
- Nº de actuacións levadas a cabo en cada medida.
- Nº de persoas participantes desagregadas por sexo.
- Rexistro e sinalización co texto "*actividade específica de fomento da igualdade*", nas memorias trimestrais ou anuais de cada departamento, daquelas actividades que reflectan a realización dos compromisos de cada Área do III Plan.

## ÁREA 10. PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO USO DO ESPAZO PÚBLICO, NO PLANEAMENTO URBANÍSTICO, NA MOBILIDADE E NO MEDIOAMBIENTE

Total medidas comprometidas: **10**

### **OBXECTIVO 10**

Promover a igualdade entre mulleres e homes nos diferentes usos do espazo público, no planeamento urbanístico, na mobilidade e no medioambiente.

### **MEDIDAS**

1. Reimpulsar a visibilización e posta en valor da contribución das mulleres á historia a través da asignación de nomes de mulleres ou de efemérides relacionadas coa igualdade nos novos edificios e dotacións públicas (centros diversos, bibliotecas, salas, etc.) e nas rúas e prazas da cidade (presentando propostas de novas fillas ilustres da cidade) para que entren a formar parte do planeamento urbanístico de Ourense e divulgar así o seu coñecemento.
2. Nos novos planeamentos urbanísticos, dotacións e infraestruturas incorporar especificamente un apartado onde se recolla a avaliación do impacto de xénero, contando coa participación do CIMM-Concellería de Igualdade e do Consello Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes.
3. Promover e potenciar a creación de salas de aleitamento e de cambio de cueiros en edificios públicos significativamente frecuentados por unidades familiares (deportivos, centros médicos, bibliotecas, centro cívicos e culturais, Teatro Principal, Auditorio...) e dotar destas infraestruturas a toda nova dotación municipal.
4. Seguir reforzando a importancia dunha maior implicación dos homes no coidado e respecto do medioambiente (reciclaxe nos postos de traballo, medidas preventivas na queima de restollos, recollida de defecacións animais, uso de papeleiras urbanas, uso axeitado dos sinais acústicos dos vehículos a motor, promover un maior uso do transporte colectivo, etc.) con mensaxes visuais ou escritas dirixidas especificamente a homes de diversas idades e en diversos contextos (no fogar, no traballo, na estrada, na rúa, no campo, nos ámbitos de lecer e deportivos...).

5. Concienciar e implicar máis aos homes na reciclaxe do fogar e na importancia de non malgastar enerxía (usos axeitados das caldeiras, aire acondicionado, luz, auga, elementos en *standby*...).
6. En posibles modificacións dos trazados das liñas de transporte urbano, contar coa participación e opinións do CIMM-Concellería e Igualdade e do Consello Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes.
7. Pór en marcha carrís bicis que garantan o equilibrio de espazos e práctica deportiva e desprazamentos sen invadir os espazos peonís.
8. Facer incidencia, por parte de ciclistas, no respecto das beira-rúas, sendeiros, parques públicos e zonas para viandantes, así como no cumprimento dos límites de velocidade no carril bici e o uso axeitado dos sinais acústicos nos adelantamentos. Incidir, igualmente, na non invasión do carril bici por parte das e dos viandantes.
9. Vixiar estritamente o cumprimento da normativa sobre mobiliario urbano nos espazos públicos (maceteiros, bancos, sinalización vertical...) e naqueles de uso autorizado para establecementos privados (veladores de bares e restaurantes, carteis publicitarios, aglomeración en torno a cinceiros, macetas, etc.) garantindo que non impidan ou obstaculicen o tránsito das persoas, en especial aquelas que teñan mobilidade reducida (cadeiras de rodas, coches de bebés, carros da compra, andadores...) nin o de automóbiles de servizos públicos (ambulancias, bombeiros, taxis, etc.).
10. Posicionarse publicamente e promover o rexeitamento do acoso sexual e dos chamados micromachismos no entorno laboral do Concello, nas instalacións e dotacións públicas, nas festas locais, festivais, concertos, celebracións tumultuosas, no “botellón”, etc., sensibilizando contra o acoso e as agresións sexuais cara as mozas e mulleres en xeral.

## **CONCELLERÍAS / ÁREAS RESPONSABLES**

Sinaladamente Urbanismo, Mobilidade e Medioambiente e contando co asesoramento da Concellería de Igualdade-CIMM.

## **INDICADORES**

- Nº de medidas desenvolvidas e ano de realización.
- Nº de actuacións levadas a cabo en cada medida.
- Nº de persoas participantes desagregadas por sexo.
- Rexistro e sinalización co texto “*actividade específica de fomento da igualdade*”, nas memorias trimestrais ou anuais de cada departamento, daquelas actividades que reflictan a realización dos compromisos de cada Área do III Plan.

## ÁREA 11. PROMOCIÓN DUNHA LINGUAXE E IMAXES NON SEXISTAS

Total medidas comprometidas: **8**

### OBXECTIVO 11

Promover a igualdade entre mulleres e homes mediante o emprego dunha linguaxe escrita, oral e visual non sexista, inclusiva e respectuosa coas diversidades de xénero.

### MEDIDAS

1. Informar e concienciar do impacto que no avance en equidade de xénero ten o emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, dotando de argumentos na súa defensa contra as resistencias ao cambio e enmarcándoa na lexislación vixente en materia de igualdade. Neste sentido, incidir na diferenza do uso particular que o persoal municipal poida facer no seus tempos e espazos persoais do uso público no desempeño das súas funcións, que se debe rexer pola lexislación vixente<sup>1</sup>.
2. Diseñar unha cláusula común para todo o Concello e levar a súa aprobación a Pleno municipal, sobre a importancia, significación, conveniencia e obriga de empregar unha linguaxe escrita e visual non sexista e inclusiva. Esta cláusula deberá ser incluída e empregada en todos os contratos, convenios ou colaboracións que se establezan co Concello.
3. Avanzar no uso normalizado dunha linguaxe escrita non sexista e inclusiva reforzando e divulgando os servizos prestados polo departamento municipal de Normalización Lingüística nestas cuestións, así como polo CIMM-Concellería de Igualdade.
4. Seguir divulgando o "*Libro de estilo. Modelos e recursos*" editado polo servizo de Normalización Lingüística do Concello (accesible na web municipal), que contén un capítulo adicado á linguaxe non sexista.

---

1. Existe numerosa normativa e recomendacións de institucións públicas sobre o emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva nas administracións públicas. Entre outras: Recomendación do Comité de Ministros do Consello de Europa en materia de utilización non sexista da linguaxe, en virtude do artigo 15 b do estatuto do Consello de Europa, aprobado a 21 de febreiro de 1990; o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; e a propia *Ordenanza Municipal de Promoción da Equidade de Xénero* (BOP núm. 46, do 25 de febreiro de 2013) do Concello de Ourense.

5. Cada concellería deberá ir revisando e modificando a súa documentación (impresos comúns, instancias, modelos de solicitudes ou de subvencións, concursos, informes...) para garantir o emprego dunha linguaxe non sexista.
6. Recoñecer publicamente e con carácter anual o esforzo e o avance dunha área ou departamento que teña feito máis avances e melloras na aplicación dunha linguaxe non sexista e inclusiva.
7. Non facer un uso dos corpos e imaxes de mulleres como reclamos publicitarios nas campañas, folletos, carteis e imaxes en xeral que se poidan editar/usar desde o Concello (a non ser que a finalidade sexa a visibilización das mulleres nunha actividade concreta onde están subrepresentadas).
8. Desde cada Xefatura de Servizo garantir que nas instalacións (despachos, oficinas, pavillóns, centros cívicos, paredes, taboleiros de anuncios, corredores, xanelas, elevadores, etc.) e no mobiliario municipal xeral (armarios, mesas, ordenadores, salvapantallas do ordenador) non haxa expostas imaxes que atenten contra o principio de igualdade entre mulleres e homes e que sexan contrarias á lexislación vixente en materia de igualdade, violencia de xénero ou delitos de odio (racismo, xenofobia, islamofobia, ou contra a comunidade LGTBI) pois trátase de espazos públicos e non privados.

## **CONCELLERÍAS / ÁREAS RESPONSABLES**

Todas, e contando co asesoramento da Concellería de Igualdade-CIMM e o Servizo de Normalización Lingüística

## **INDICADORES**

- Nº de medidas desenvolvidas e ano de realización.
- Nº de actuacións levadas a cabo en cada medida.
- Nº de persoas participantes desagregadas por sexo.
- Rexistro e sinalización co texto "*actividade específica de fomento da igualdade*", nas memorias trimestrais ou anuais de cada departamento, daquelas actividades que reflectan a realización dos compromisos de cada Área do III Plan.

## ÁREA 12. PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS DE XÉNERO

Total medidas comprometidas: **16**

### **OBXECTIVO XERAL 12**

Garantir unha atención integral ás mulleres (e persoas delas dependentes) que teñen vistos vulnerados os seus dereitos por mor da violencia machista e/ou especificamente a causa do tráfico de seres humanos con fins de explotación sexual (TSH - FES), de cara á restitución plena dos seus dereitos.

### **OBXECTIVO ESPECÍFICO 12. 1.**

Concienciar a cidadanía e fortalecer o traballo en rede con todos os axentes implicados nas violencias de xénero e no tráfico de seres humanos con fins de explotación sexual.

### **MEDIDAS**

1. Concienciar a toda a cidadanía sobre as desigualdades de xénero que alimentan e nutren as violencias de xénero, así como da importancia de traballar cara sociedades máis igualitarias en todos os ámbitos da vida (laboral, salarial, tecnolóxico, educativo, social, cultural, sanitario, deportivo, xudicial, policial, familiar, relixioso...), desmitificando os falsos estereotipos de perfís de vítimas e maltratadores.
2. Divulgar a magnitude do problema das violencias de xénero en Ourense.
3. Seguir a concienciar sobre o problema das violencias con campañas e actos conmemorativos en torno ao 25 de novembro *Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres*, o 23 de setembro *Día Mundial contra a explotación sexual e a trata de seres humanos* e o 18 de outubro *Día europeo contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual*, implicando a toda a corporación municipal.
4. Levar a cabo formacións e actualizacións en materia de violencias de xénero para profesionais dos diversos sectores implicados directa ou indirectamente nas mesmas, para habilitalos nas competencias necesarias no manexo de indicadores de detección, levar a cabo entrevistas exploratorias, comprender o carácter cíclico da violencia, identificar as súas diferentes manifestacións, coñecer protocolos de actuación, os recursos de asesoramento sobre dereitos

das mulleres e as obrigas que sinalan as diferentes lexislacións, etc.

5. Fortalecer a coordinación entre as administracións e axentes públicos e privados implicados nas violencias de xénero (Concello, Deputación, Xunta, Corpos e Forzas de Seguridade, Colexio de avogacía, Fiscalía, Xulgados...) e na trata de seres humanos con fins de explotación sexual, impulsando a Comisión de Investigación e seguimento da Violencia exercida contra as mulleres.
6. Divulgar guías de recursos sobre violencias de xénero e protocolos de actuación.

## **OBXECTIVO 12. 2.**

Reforzar os servizos para garantir a atención integral e especializada ás mulleres que teñen vistos vulnerados os seus dereitos por mor das violencias de xénero ou da trata de seres humanos con fins de explotación sexual, traballando desde a atención especializada co obxectivo final de facilitar o acceso normalizado aos recursos xeneralistas públicos.

## **MEDIDAS**

1. Reforzar a autoidentificación por parte de mulleres e de homes das posibles situacións de violencia de xénero na que se poidan ver envoltas, elas como vítimas e eles como maltratadores.
2. Garantir que a cidade de Ourense conte con pisos de transición ou saída para situacións de violencias.
3. Dotar de máis persoal o CIMM e os programas relacionados coa atención directa das mulleres que están vendo vulnerados os seus dereitos por mor das violencias de xénero, sinaladamente nos procesos de atención psicolóxica e social, garantindo unha atención integral, o acompañamento e a contención emocional que contribúan á recuperación do seu proxecto vital, e reforzando a súa toma de decisións ante a interposición de denuncias por violencias de xénero.
4. Fomentar a posta en marcha dun programa de acompañamento das vítimas de violencia de xénero (nas pequenas xestións administrativas, desprazamentos aos xulgados, servizos sociais, centros médicos ou outras xestións persoais que



a muller poida demandar/necesitar), pero sen substituír a atención profesional cando esta é precisa.

5. Manter un seguimento individualizado das mulleres, así como das fillas e dos fillos e persoas maiores dela dependentes, nos momentos posteriores á interposición da denuncia e unha vez concluído o proceso xudicial, entendendo que os efectos das violencias non rematan cando hai un ditame xudicial. Así mesmo, reforzar a atención integral nos momentos e fase posterior dun xuízo rápido por causa de violencia de xénero.
6. Reservar unha partida económica (cartos de peto) para cubrir necesidades ou dereitos básicos das mulleres que están a ver vulnerados os seus dereitos por mor das violencias de xénero.
7. Garantir a reserva de prazas para mulleres que teñan visto vulnerados os seus dereitos por mor das violencias de xénero nos cursos de formación e fomento do emprego que organice o Concello.

### **OBXECTIVO 12. 3.**

Dar a coñecer a realidade da existencia da trata de seres humanos con fins de explotación sexual no noso país e concienciar sobre esta grave vulneración dos dereitos humanos das mulleres.

### **MEDIDAS**

1. Concienciar, sinaladamente aos homes, sobre a realidade da trata de seres humanos con fins de explotación sexual que pode estar agachada baixo o gran paraugas da prostitución ou da chamada “industria do sexo”, incidindo na responsabilidade, a colaboración (consciente ou inconsciente) e o papel clave que xogan os homes consumidores de prostitución no mantemento das redes e clans de explotación e das situacións de escravitude sexual.
2. Divulgar os principais indicadores de detección recollidos nos protocolos estatais, autonómicos e locais entre os principais axentes públicos e privados implicados.
3. Colaborar e coordinarse cos axentes públicos e privados implicados na detección e atención integral de posibles mulleres vítimas de trata na cidade de

Ourense, como ONG, Deputación, Xunta, Corpos e Forzas de Seguridade, Colexio de avogacía, Fiscalía, Xulgados, Centros médicos e hospitais, Servizos Sociais, etc.

### **CONCELLERÍAS / ÁREAS RESPONSABLES**

Sinaladamente Igualdade, Benestar Social, Saúde, Policía Local, Educación, Emprego, Voluntariado e Gabinete de Prensa.

### **INDICADORES**

- Nº de medidas desenvolvidas e ano de realización.
- Nº de actuacións levadas a cabo en cada medida.
- Nº de persoas participantes desagregadas por sexo.
- Rexistro e sinalización co texto “*actividade específica de fomento da igualdade*”, nas memorias trimestrais ou anuais de cada departamento, daquelas actividades que reflictan a realización dos compromisos de cada Área do III Plan.

## ÁREA 13. PROMOCIÓN DA IGUALDADE NA SAÚDE

Total medidas comprometidas: **11**

### **OBXECTIVO 13**

Promover a equidade de xénero nos programas de saúde do Concello contribuíndo ao desenvolvemento de hábitos saudables que minimicen os factores de xénero na saúde, entendida dun xeito integral e holístico, dos homes e das mulleres.

### **MEDIDAS**

1. Levar a cabo charlas informativas sobre falsos mitos en torno á sexualidade de mulleres e homes, métodos anticonceptivos, as ITS, VIH/SIDA, o embarazo, parto e pos-parto, as violencias de xénero, o estigma das persoas que exercen a prostitución, etc., dirixidas a toda a cidadanía ou a colectivos específicos.
2. Impulsar un estudo de hábitos nutricionais e de saúde que teña en conta os factores de xénero e onde se recollan e analicen os datos desagregados por sexo.
3. Concienciar a poboación xeral, pero principalmente ao persoal sanitario, de servizos sociais, ao profesorado, á mocidade e ás familias, sobre a influencia das restricións normativas dos estereotipos de xénero que regulan e limitan a vida de mulleres e homes, as cales derivan en problemas como anorexia, bulimia, obesidade e vigorexia (vencellados á gordofobia imperante na sociedade) e a resolución violenta de conflitos, etc.
4. Garantir que nos programas estables que se levan a cabo desde a Concellería de Saúde (programación de teatro-debate, cinefórum, prevención de abuso de drogas e alcohol, etc.) abórdanse contidos de saúde e xénero.
5. Organizar andainas saudables para toda a poboación, pero principalmente para as mulleres maiores, e proseguir cos obradoiros de risoterapia, tai-chi, pilates, ioga, ximnasia de mantemento...
6. Levar a cabo actuacións específicas para previr os efectos nocivos dos “botellóns” e do consumo abusivo de alcohol na saúde, e as condutas agresivas e sexistas que as poden acompañar, sinaladamente no caso dos mozos.

7. Seguir desenvolvendo programas en torno á saúde materno-infantil (aleitamento, sexualidade durante o embarazo, concurso fotográfico sobre aleitamento, préstamo de extractores, sistemas de retención de bebés nos vehículos, animación cardio-vascular, pilates e ioga para embarazadas, masaxes para bebés, control do estrés no embarazo e post-parto, etc.) e aproveitar as sinerxías creadas desde a participación, sinaladamente das mulleres, para fomentar o asociacionismo.
8. Nos programas en torno á saúde materno-infantil, levar a cabo estratexias específicas para aumentar a participación de homes nas actividades onde esta aínda é moi minoritaria (aleitamento, masaxes de bebés, reanimación cardíaca pulmonar, como actuar ante pequenos accidentes ou emerxencias, control do estrés durante o embarazo e post-parto...).
9. Coordinar conxuntamente co Hospital o banco de leite do Concello.
10. Difundir o programa “Aleitar e traballar,” de fomento da conciliación e da corresponsabilidade a favor dos horarios flexibles, aumentando o número de “Establecementos amigos do aleitamento”.
11. Realizar obradoiros de supervivencia doméstica, corresponsabilidade no fogar, tarefas de coidado de maiores e menores, autocoidado e cociña só para homes (nenos, mozos ou maiores) fomentando o cuestionamento das identidades de xénero, o desenvolvemento dunha nova masculinidade e a reapropiación de códigos de xénero.

## **CONCELLERÍAS / ÁREAS RESPONSABLES**

Sinaladamente Saúde, Educación, Xuventude e contando co asesoramento da Concellería de Igualdade-CIMM.

## **INDICADORES**

- Nº de medidas desenvolvidas e ano de realización.
- Nº de actuacións levadas a cabo en cada medida.
- Nº de persoas participantes desagregadas por sexo.
- Rexistro e sinalización co texto "*actividade específica de fomento da igualdade*", as memorias trimestrais ou anuais de cada departamento, daquelas actividades que reflictan a realización dos compromisos de cada Área do III Plan.

## SEGUIMIENTO ANUAL E AVALIACIÓN FINAL

Unha vez aprobado o III Plan de Promoción da Equidade de Xénero polo Pleno municipal, remitirase unha nota informativa a todo o persoal municipal enviando a cada concellería un enlace directo ao documento que, á súa vez, estará pendurado na páxina web do Concello e a disposición de toda a cidadanía.

Para o seguimento continuado do III Plan, polo menos dúas veces ao ano -antes do verán e antes de fin de ano-, deberase contactar con todas as concellerías para lembrarlles os compromisos adquiridos, asesoralas na posta en práctica de programas ou medidas de promoción da equidade de xénero, resolver dúbidas e xuntar informacións sobre as actividades realizadas no contexto deste III Plan, que deberán á súa vez sistematizarse paulatinamente.

Solicitarase información sobre:

- Nº de medidas desenvolvidas e ano de realización.
- Nº de actuacións levadas a cabo en cada medida.
- Nº de persoas participantes desagregadas por sexo.
- Rexistro e sinalización co texto "*actividade específica de fomento da igualdade*", nas memorias trimestrais ou anuais de cada departamento, daquelas actividades que reflectan a realización dos compromisos de cada Área do III Plan.

O seguimento do III Plan farase tamén a través da Mesa de seguimento da *Ordenanza Municipal de Promoción da Equidade de Xénero* (BOP núm. 46, do 25 de febreiro de 2013), onde se informará aos membros da evolución das medidas e obxectivos en materia de igualdade a nivel municipal.

Ao finalizar o período de vixencia do Plan farase unha avaliación final de carácter cuantitativo e cualitativo. Esta avaliación dará conta das actividades levadas a cabo e das pendentes de realización, desagregadas por área/concellaría responsable, dos avances acadados na promoción da equidade de xénero na sociedade ourensá e dos obstáculos atopados.

A avaliación farase dun xeito participativo e consultivo invitando a participar á cidadanía e ao persoal político e técnico do Concello. Os resultados obtidos servirán de base para a elaboración do seguinte plan municipal.

Para a recollida sistemática das informacións relativas á execución de medidas facilítase a seguinte ficha estandarizada.

<b>FICHA DE SEGUIMIENTO</b> <b>III PLAN PARA A PROMOCIÓN DA EQUIDADE DE XÉNERO</b> <b>CONCELLO DE OURENSE</b>		
<b>Concellería /área responsable</b>		
<b>Códigos do III Plan onde se inscribe a medida</b> (nº e nome da área de actuación; obxectivo; nº medida concreta)		
<b>Data de realización</b> (mes ou carácter anual)		
<b>Nº total persoas participantes</b> (se procede)	<b>Mulleres:</b>	<b>Homes:</b>
<b>Breve descripción, valoración e observacións sobre a medida realizada:</b>		